



**FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS
DE XESTOR/A CULTURAL DO CONCELLO DE VIMIANZO**

**CUESTIONARIO TIPO TEST DE 20 PREGUNTAS SOBRE COÑECEMENTOS TEÓRICOS NO CAMPO DA
XESTIÓN CULTURAL**

NOME E APELIDOS:

D.N.I.

1.- Indique cal é o carácter normativo da ordenanza municipal que regula o Rexistro de Asociacións:

- a) Lexislativo
- b) Regulamentario
- c) Constitucional

2.- Se precisa comprobar se unha persoa reside en Vimianzo, cal é o rexistro que debe consultar?:

- a) O censo electoral
- b) O padrón de habitantes
- c) O censo

3.- Indique cal é a denominación da Lei 39/2015:

- a) lei de réxime xurídico
- b) lei de procedemento administrativo común das administración públicas
- c) lei de organización e funcionamento

4.- Que artigo da Constitución garante a autonomía municipal?

- a) O artigo 9.3
- b) O artigo 140
- c) O artigo 142

5.- Que artigo da Lei 39/2015 regula os rexistros?

- a) O artigo 38



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE XESTOR/A CULTURAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

b) Ningún

c) O artigo 16

6.- No caso de que se denegue a inscrición dunha asociación no Rexistro municipal, debe motivarse o acto denegatorio?

a) Si, dado que limita dereitos subxectivos ou intereses lexítimos

b) Non é necesario

c) Si, dado que se trata dun acto que pon fin á vía administrativa

7.- En que prazo debe notificarse un acto administrativo?

a) O mesmo día no que se dicta

b) En cinco días dende que se anota a saída no Rexistro

c) En dez días hábiles dende que se dita

8.- En que prazo deben emitirse os informes en fase de instrucción dun procedemento administrativo?

a) Dez días hábiles

b) De xeito inmediato

c) Dez días naturais

9.- A que órgano municipal lle corresponde a competencia para a aprobación inicial da ordenanza de asociacións?

a) Ao Pleno

b) Ao Alcalde

c) Ás comisións informativas

10.- Cal foi a primeira lei galega sobre protección do patrimonio?

a) A lei 3/1996, do 3 de maio

b) A lei 8/1995, do 30 de outubro



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE XESTOR/A CULTURAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

c) Ningunha das anteriores é correcta

11.- O artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á comunidade autónoma competencia exclusiva en:

- a) En materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia
- b) En materia de promoción da lingua
- c) En materia de xestión cultural

12.- O art. 1.2 da lei de patrimonio cultural de Galicia dispón que o patrimonio cultural está constituído por:

- a) Bens mobles e inmobles
- b) Bens inmobles
- c) Bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que cumpran unha serie de requisitos

13.- Os bens do patrimonio cultural de Galicia clasifícanse en:

- a) Bens declarados de interese cultural ou catalogados
- b) Bens catalogados e inventariados
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

14.- Indique cal dos seguintes bens NON SE CONSIDERA ben do patrimonio cultural inmaterial polo art. 9.3 da lei de patrimonio:

- a) A lingua
- b) A toponimia
- c) Os hórreos

15.- ¿Cal é o órgano municipal competente para resolver a inscrición dunha asociación no Rexistro Municipal de Asociacións de Vimianzo?

- a) o Pleno.
- b) o Alcalde.
- c) a Xunta de Goberno Local.



FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE XESTOR/A CULTURAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

16.- Indique cal dos seguintes bens NON forma parte do patrimonio megalítico de Vimianzo:

- a) A Casota de Freáns
- b) A Arquiña de Vilaseco
- c) A Pedra da Arca

17.- Indique en que parroquia se atopa o dolmen de Pedra Cuberta:

- a) En Treos
- b) En Berdoias
- c) En Serramo

18.- ¿Que datos especialmente protexidos ten dereito a non declarar sobre eles o interesado?

- a) Ideoloxía, relixión ou crenzas.
- b) Ideoloxía e orientación sexual.
- c) Ideoloxía e relixión.

19.- Para os efectos do art. 5 da lei de arquivos de Galicia, NON SE CONSIDERAN documentos de titularidade pública:

- a) Os documentos das entidades locais
- b) Os documentos das universidades
- c) Os documentos da Igrexa Católica

20.- A lei de normalización lingüística de Galicia define ao galego:

- a) Como a única lingua oficial de Galicia
- b) Como a lingua propia de Galicia
- c) Como a lingua oficial de todas as institucións públicas e privadas